

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/17  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIO

**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 28 de decembro de 2007.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dez horas do día **28 de decembro de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO, baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
D.Jesús López Penabad

**PSG-PSOE**

D. Balbino E.Pérez Vacas.  
D. Carlos Pérez Méndez.  
Dona María José Rodríguez Arca

**U.P.R.I.**

D.Francisco Rivas Alvarez  
D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

**P.P.**

Dona Begoña Sanjurjo Santar

**Secretario Xeral:**

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

**Interventora:**

Dona María José Vázquez Rigueira  
(incorpórase iniciada a sesión )

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

**2007/01/84.- ACORDO DE DELEGACION NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SEGUNDO AS NORMAS BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a reforma das bases que rexen a aceptación e asunción por delegación expresa de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos, e outros ingresos de dereito público que foron aprobadas por unanimidade polo Pleno da Deputación Provincial de 27 de novembro de 2007, así como o modelo de acordo de delegación.

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Concelleiro Delegado don Vicente Castro Reigosa que procede a efectuar unha explicación do contido e alcance da referida delegación.

Procédese a deliberar entre os Grupos sobre o asunto, con especial fincapé no ámbito da recadación executiva que se delegue.

Tras da deliberación, por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e con tres abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PSOE e de UPRI), acordase propoñer ao Pleno como ditame o acordo seguinte:

**“Acordo de delegación na Excma. Deputación Provincial de Lugo según as novas bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.**

De conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de data 27/11/2007, ACORDASE:

**PRIMEIRO.-**

**Delegar:**

1 Todas as competencias que este concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:

- 1.1- Imposto sobre Bens Inmóbles
- 1.2- Imposto sobre Actividades Económicas
- 1.3- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

**SEGUNDO:**

1-As competencias atribuídas en materia de recadación, en período executivo de:

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.

-Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis de demais vehículos de aluguer.

2-As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concello en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.

**TERCEIRO: Aprobar as seguintes condicións que han de rexir as delegacións:**

1 Réxime Xurídico

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao disposto nas presentes bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese ditar a Excma. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de pagamento de cada un dos tributos

2 Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O concello poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do concello no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das presentes bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación:

-Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

-Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco destas bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

### 3. Mellora da xestión tributaria do concello.-

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do concello, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderán acollerse o concello.

### 4 -Formas de xestión.-

A Deputación Provincial poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

### 5 Contías mínimas

Non se procederá á xestión (liquidación ou recadación) daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Economía y Hacienda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

### 6 Cargos en período executivo

Os cargos que realice o concello para a súa xestión recadadotira en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

### 7 Colaboración do concello

O concello prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

### 8 Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- a) 04% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Estas porcentaxes poderán ser revisados á baixa pola Deputación Provincial, en función da evolución dos ingresos e custos do servizo.

### 9 Entregas a conta

A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para o concello, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 80% da recadación, por padróns do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

### 10 Liquidacións provisionais e definitiva

#### 10.1 Liquidación provisional

A Deputación Provincial, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais coa seguinte periodicidade:

- Mensual: recadación en período voluntario de padróns.
- Trimestral: recadación en período voluntario de liquidacións individuais e recadación en período executivo.

## 10.2 Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta mensuais.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello, este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

## 11 Réxime de vixencia

11.1- As presentes bases terán unha vixencia de dez anos dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro do décimo ano.

11.2- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, por períodos iguais, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

11.3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e o DOG.

11.4- Estas bases manterán a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan os actuais.

**CUARTO:** Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

Iniciase deliberación no Pleno sobre o asunto intervindo en primeiro lugar o Sr.D.Vicente Castro Reigosa, Concelleiro Delegado que procede a explicar polo miúdo as modificacións

que representan respecto ao sistema anterior que concreta na redución da porcentaxe do 6 % ao 4 % e na Recadación Executiva do 100 ao 75 % , así como que se efectuarán anticipos a conta de ata o 80 % da Recadación o cal significará dispór de liquidez sen custo xa que ata o de agora os anticipos tiñan un custo que no 2007 foi do 5 % e isto vai supór unha forte inxección. Significa asimesmo o Sr.Concelleiro que son as melloras importantes e que hai pouco tempo para adopción do acordo xa que na Deputación se acordou o 17 de decembro e debe adoptarse antes o 31 de decembro polo Concello; reitera o Sr.Concelleiro as melloras que supón e propón acollerse a esta Delegación se ben considera que o ideal é que a Comisión sexa por baixo do 3 %.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez que manifesta que o seu Grupo non ten ningún problema respecto a este acordo por coherencia e sendo beneficioso para o Concello.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista á súa vez manifesta o criterio a favor.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular dí que tamén o seu Grupo está a favor pero que o vai a explicar; por parte do Sr.Concelleiro no uso da palabra se manifesta que “unha cousa é predicar e outra dar trigo”; que un grupo agora no goberno e outro na oposición cando estaban os dous na oposición, estaban contra a delegación na Deputación e foi un goberno do PP neste Concello o que levou adiante a delegación cos seus votos exclusivamente, e agora resulta que todo o mundo está contento, e se lles ven contando que é moito mellor do que había, porque baixan do 6 ao 4, etc. e dirixíndose ao Sr.Concelleiro Delegado de Facenda vaille recordar cales eran os argumentos para non delegar, como era que se tiña persoal dabondo, que non era que nos cobraran máis ou menos, que había persoal dabondo e que non había porque pagarlle a ninguén, e que todo iso era cando estaban na oposición, e cando están no goberno as cousas non as ven da mesma maneira e hai que darlles un xiro, pero sen enganar. Que o argumento que o BNG e o PSOE poñían para non delegar a recadación era ese , que había persoal e agora menos non hai, senon que máis ben ao contrario, e non entende o xiro copernicano, e manifesta que o PP segue opinando o mesmo e que se alegra moito de que unha idea que plantexou o Partido Popular no seu momento e que se negaron á apoiar agora a propoñan.

Intervén a continuación o Sr.Castro Reigosa , Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, que manifesta que están prorrogando nunhas condicións novas a cesión de tributos, e que as condicións eran diferentes das da época do Partido Popular e que os argumentos daquela ao mellor eran certos, e non se poden extrapolar, xa que se non se equivoca son do ano 2000 ou 2001, hai case oito anos e comparar a situación da xestión tributaria e a cantidade de tributos que tiña que xestionar o funcionariado do Concello daquela co que ten agora, non é o mesmo, e se tiveran que tomar a decisión agora de ceder á Deputación , se o estivera xestionando o Concello, ao mellor sería diferente, pero a situación é á inversa xa que a ten a Deputación, e o tería que xestionar o Concello, e é un acordo que se ten que tomar en menos de 15 días, e, ou se prorroga ou se quedan coa xestión dos impostos, cun período moi corto de tempo para adaptarse á recadación, e reitera que non é extrapolable a situación.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí ao Sr.Concelleiro Delegado que non hai prórroga, porque hai unhas novas, porque incorpóranse novas e polo tanto non é correcto iso de dicir que se prorroga, xa que prorrogan o que había e ademais propoñen un incremento e iso contradí o que dí de que se non estivera así igual tomaban outra medida, e claro que fai oito anos era diferente, xa que había moito menos persoal na área de Intervención , e debeu medrar e debían estar traballando aproximadamente 4 persoas e debe haber agora 7 e non hai tanta modificación xa que os Padróns son os que eran e hai algunha xente máis da que había pero iso non é o problema, e pregunta que é o que lle está contando , se é que hai máis taxas ou impostos que daquela, e se se modificou tanto o volumen de impostos e taxas que xa non se poida asumir, e que iso non é verdade. Que sí é certo que se incrementou a poboación pero relativamente, xa se ve onde están e lle parece moi ben que se queiran xustificar, pero a realidade e que antes non querían e agora queren, e que que lle van a facer, que teñen que asumir.

O Sr. Alcalde para concluir o debate manifesta que está bastante debatido o asunto, que seguramente se incrementou o persoal no Concello, pero nesa área non, que a esquerda do corredor son os que había e hai un contrato de cooperación e non hai máis, e Ribadeo dende fai oito anos cara aquí foi cambiando en xestión e que quere insistir no que dí o Sr. Castro Reigosa de que o tracto herdado leva a recoñecelo así. Que se fora partir dun cero absoluto, ou se iniciaba ou non, e agora teñen a mesma xestión con menos aportación do Concello e outra Corporación dentro dun tempo poderá replantexalo todo, e poderá valorar se é convinte que os tributos se xestionen dende aquí ou non; que xa saben que a cuestión da xestión da Executiva é de dubidoso cobro, e neste aspectos os servizos especializados son máis áxiles e executivos, non en voluntaria pero dende logo sí en executiva e o que se cede agora á maiores é en executiva e dende o interese xeral e é beneficioso para todos, menos gravoso para as arcas municipais, e que é respetable a táctica política.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de data 26 de decembro de 2007, de conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de data 27/11/2007, acórdase:

#### **PRIMEIRO.-**

##### **Delegar:**

1 Todas as competencias que este concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:

- 1.1- Imposto sobre Bens Inmóbles
- 1.2- Imposto sobre Actividades Económicas
- 1.3- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

#### **SEGUNDO:**

1-As competencias atribuídas en materia de recadación, en período executivo de:

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.

-Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis de demais vehículos de aluguer.

2-As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concello en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.

**TERCEIRO: Aprobar as seguintes condicións que han de rexir as delegacións:**

**1 Réxime Xurídico**

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao disposto nas presentes bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese ditar a Excm. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de pagamento de cada un dos tributos

**2 Alcance do exercicio das competencias delegadas.**

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O concello poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do concello no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das presentes bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación:

- Declaración de insolvencias e créditos incobrables.
- Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco destas bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

**3. Mellora da xestión tributaria do concello.-**

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do concello, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderán acollerse o concello.

**4 -Formas de xestión.-**

A Deputación Provincial poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

**5 Contías mínimas**

Non se procederá á xestión (liquidación ou recadación) daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Economía y Hacienda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

**6 Cargos en período executivo**



Os cargos que realice o concello para a súa xestión recadadotira en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

#### 7 Colaboración do concello

O concello prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

#### 8 Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- a) 04% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Estas porcentaxes poderán ser revisados á baixa pola Deputación Provincial, en función da evolución dos ingresos e custos do servizo.

#### 9 Entregas a conta

A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para o concello, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 80% da recadación, por padróns do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

#### 10 Liquidacións provisionais e definitiva

##### 10.1 Liquidación provisional

A Deputación Provincial, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais coa seguinte periodicidade:

- Mensual: recadación en período voluntario de padróns.
- Trimestral: recadación en período voluntario de liquidacións individuais e recadación en período executivo.

##### 10.2 Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta mensuais.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello, este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de

documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

#### 11\_Réxime de vixencia

11.1-As presentes bases terán unha vixencia de dez anos dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro do décimo ano.

11.2- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, por períodos iguais, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

11.3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e o DOG.

11.4- Estas bases manterán a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan os actuais.

**CUARTO:** Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

#### **2007/02/85.- ACORDO RELATIVO Á PETICIÓN DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DA ORDE DE 20 DE ABRIL DE 2007 REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANISTICO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia, á vista do escrito recibido o 20 de decembro de 2007 en relación á subvención solicitada para o Plan Xeral de Ribadeo e na que se sinala que hai unha proposta de concesión ó Concello de Ribadeo dunha subvfención polo importe solicitado polo Concello que ascende a 46.403.- euros có cronograma de execución e aboamentos que se sinala, e toda vez que no propio escrito se fai referencia a que si o Concello desexa acollerse á cantidade subvencionable estimada pola Consellería en 119.490,31 euros deberá presentar unha nova solicitude de subvención ó amparo da Orde reguladora para o exercicio 2008 renunciando á anteriormente presentada.

Visto igualmente que o Concello dispon dun prazo de 10 días hábiles para completar o expediente aportando os documentos solicitados pola Consellería seguintes:

-Acordo do Organo Municipal competente no que se recolla expresamente a sua renuncia ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente, segundo a disposición transitoria única da Orde.

-Documentación acreditativa da contratación dos traballos.

-Anexo III da orde que se refire ó OBES .

Visto que no mesmo prazo se poden formular as alegacións que se estimen oportunas.

Considerando que , á vista do manifestado pola Consellería, a subvención estimada ascendería ós referidos 119.490,31 Euros, e que pode terse producido unha estimación á baixa dos custos de elaboración do referido plan, segundo o previsto na orde reguladora.

En virtude do que antecede, propónse ó Pleno Municipal sobre o asunto epigrafiado, a adopción do acordo seguinte:

1º.- A mellora da petición formulada, a tenor do orzamento base estimado subvencionable (OBES) que arroxa un importe de 213.000.- euros, solicitándose polo tanto 191.700.- euros, e sen prexuízo de que, detraída desta cantidade o importe aboado ó Concello, a subvención ascenda ós meritados 119.490,31 euros.

2º.- A aportación da documentación esixida no escrito de 17 de setembro de 2007.

3º.- A remisión de certificación dos acordos adoptados á Consellería de Política Territorial ós efectos procedentes.

4º.- A aceptación íntegra da Orde de 20 de abril de 2007, e espècificamente formular a renuncia ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente.

5º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Pola Comisión Informativa, por unanimidade, en votación ordinaria ditamínase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía do xeito en que foi formulada.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes en votación ordinaria acórdase:

1º.- A mellora da petición formulada, a tenor do orzamento base estimado subvencionable (OBES) que arroxa un importe de 213.000.- euros, solicitándose polo tanto 191.700.- euros, e sen prexuízo de que, detraída desta cantidade o importe aboado ó Concello, a subvención ascenda ós meritados 119.490,31 euros.

2º.- A aportación da documentación esixida no escrito de 17 de setembro de 2007.

3º.- A remisión de certificación dos acordos adoptados á Consellería de Política Territorial ós efectos procedentes.

4º.- A aceptación íntegra da Orde de 20 de abril de 2007, e espècificamente formular a renuncia ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente.

5º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

**2007/03/86.- DESIGNACION DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia, á vista da previsión de constitución e posta en funcionamento da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, e da necesidade de que Ribadeo teña representación na mesma, non tendose adoptado acordo nas sesión seguintes á constitutiva da Corporación, en virtude do que antecede, propónse ó Pleno Municipal sobre o asunto epigrafiado, a adopción do acordo seguinte:

1º.- A designación como representantes do Concello de Ribadeo, dun representante pertencente o Grupo Municipal do BNG, propoñéndose como titular ó titular da Alcaldía D. Fernando Suárez Barcia e como suplente a D.Vicente Castro Reigosa, e asimesmo doutro representante do resto dos Grupos Políticos propoñéndose que recaiga nun membro do Grupo Político da oposición municipal que obtivera mais votos nas pasadas eleccións , a tenor da maior representatividade que, polo tanto, ostenta, e toda vez que este mesmo criterio foi o que serviu para a constitución da Xunta de Goberno Local, para o que deberá designarse e acordarse no Pleno o titular e suplente.

2º.- A remisión de certificación do acordo adoptado á Mancomunidade de Concellos ós efectos procedentes.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase deliberación na que o Sr.Alcalde explica o contido da súa proposta sinalando que lle parece o máis pertinente e replicándose por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que se trata dun criterio, e que pode ser un do goberno e outro da oposición.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que o criterio da Alcaldía lle parece antidemocrático e que supón de por vida cercenar as posibilidades dos Grupos que teñen igual representatividade , manifestándose a discrepancia coa proposta da Alcaldía e sinalando que debe ser entre os grupos da oposición que se elixa o representante que proceda e cree que é un exceso de atribucións do Alcalde e que serán o BNG e o PP.

O Sr.Alcalde pola súa parte contesta que será correcta a crítica se a Alcaldía propuxera dous do BNG.

O representante da UPRI sinala que se reserva para o Pleno e o Sr.Pérez Vacas sinala que o PSOE vai votar en contra.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do PP que sinala que é un disparate e que son Concelleiros os trece e que calquera proposta debe ser votada polos trece e excluir ao equipo de goberno é falso e é antidemocrático, que non sabe cal é a sorpresa, que o que non sabe é cal é o criterio para que se den postos polo que os Grupos minoritarios se alcen cunha representación que non teñen, e que cada un ten o que ten e os trece teñen que votar 5 que non gañan a 8, e que a proposta a fai a Alcaldía e non ten novidade respecto ao previsto para a Xunta de Goberno, que a forman o grupo de mais concelleiros.

Voltan intervir os representantes dos restantes grupos que reiteran os criterios manifestados.

Por parte de Secretaría a petición do Grupo do PSOE infórmase na Comisión sobre a diferenza entre os votos particulares e as enmendas, manifestando o representante do Grupo Municipal Socialista Sr.Pérez Vacas que formulará unha enmenda ante o Pleno.

Pasada a votación a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma obtén catro votos a favor (dos grupos municipais do BNG e do PP) e tres en contra (dos grupos PSOE e UPRI), propoñéndose ao Pleno como ditame da Comisión o seguinte acordo:

1º.- A designación como representantes do Concello de Ribadeo, dun representante pertencente o Grupo Municipal do BNG, propoñéndose como titular ó titular da Alcaldía D. Fernando Suárez Barcia e como suplente a D.Vicente Castro Reigosa, e asimesmo doutro representante do resto dos Grupos Políticos propoñéndose que recaiga nun membro do Grupo Político da oposición municipal que obtivera mais votos nas pasadas eleccións , a tenor da maior representatividade que, polo tanto, ostenta, e toda vez que este mesmo criterio foi o que serviu para a constitución da Xunta de Goberno Local, para o que deberá designarse e acordarse no Pleno o titular e suplente.

2º.- A remisión de certificación do acordo adoptado á Mancomunidade de Concellos ós efectos procedentes.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non vai presentar unha enmenda e que rectifica o que falou na Comisión e que se alegra de que as propias Comisións Informativas sexan órganos donde se delibera, o que deberon ser dende o primeiro momento, e se ratifican en todos os puntos do que dixeron e van votar en contra, e que non lles parece de recibo que o Sr.Alcalde empuxe a cerca de catro mil votos, de PSOE e UPRI, ao ostracismo, porque por ese criterio nunca ningún dos dous grupos vai a figurar en nada e entenden que con esto o que veñen dicindo dende fai tempo queda claro e a relación de goberno entre o BNG e o PP, e que polo tanto o PSOE neste punto vai a votar en contra, polo criterio que manifesta o Sr.Alcalde respecto a esta elección de representantes.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que dí que lles parece que cando haxa que elixir un representante do resto dos Grupos Políticos non lle parece de recibo que sexan todos os Grupos Políticos, terán que ser o resto dos Grupos Políticos e teñen a representatividade que teñen, e as maiorías se conforman cos Concelleiros, e que van a votar en contra xa que cree que debería ser o resto dos Grupos Políticos quen elixira aos representantes e que considera que é unha inxerencia da Alcaldía.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que lle fai gracia eso de que o Alcalde quere condenar ao ostracismo, ou sexa que o Partido Popular os catro últimos anos tiña seis Concelleiros fronte a sete, e era o Grupo maioritario, pero se xuntaron sete que eran maioría absoluta e lles condenan ao ostracismo, e agora resulta que non dan xuntado sete, xuntan cinco e voltar a condenar ao Grupo Popular ao ostracismo, ou sexa que os que poden estar condenados ao ostracismo son os do Grupo Popular e os demais non, e aos demais hai que darlles xogo e hai que ser moi democráticos, e iso non ten ningún sentido, cando tiñan sete pois era distinto, pero agora teñen cinco e que encima tres voten a dous e co ánimo de que os de catro non participen, e as cousas son como son.

O Sr.Rodríguez Andina dirixíndose ao Sr.Rivas Alvarez lle dí que o seu argumento e xa llo dixo o outro día na Comisión é duramente antidemocrático, xa que éste é un tema que ven a un Pleno e agora resulta que nos Plenos, segundo a UPRI, os que sexan do goberno non votan, márchanse, e so votan os demais porque como voten, que é o seu dereito, porque so faltaba, pois pode sair algo que non lle guste a UPRI, e que lle van a facer; que xa o dixo o outro día na Comisión, que son trece concelleiros e que iso de que dos trece catro se teñan que ir lle parece do máis antidemocrático, e que non sabe cal é o problema, que ten que haber unha proposta, que se vota a proposta e aquí paz e gloria, e cree que iso é o democrático e o demais é querer excluir sempre aos mesmos, que milagrosamente sempre é

o Grupo Popular, que non saben porqué pero que non están pola labor, e que van votar a favor da proposta da Alcaldía e anuncian ademáis que se sae aprobada os representantes do Grupo Popular serán como titular o Concelleiro no uso da palabra e como suplente o Sr.López Penabad.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde que dí que considera que é un asunto que non debера suscitar debate , nin éste nin o punto que vai a continuación e que debe dicir que hai Grupos que non acaban de entender o funcionamento do sistema, e se o Concello de Ribadeo ten que designar a dous Concelleiros , a proposta é do Alcalde a todo o Pleno, que é un Organo colexiado e este órgano é o que quita e pon Alcalde, designa, etc. etc. non o Grupo de goberno.

Que polo tanto se o Pleno ten que designar a dous representantes son todos o Alcalde e os Concelleiros, que son trece, e se un deles é do Grupo de goberno se materializa no propio Alcalde e outro do resto dos Grupos co criterio do máis votado, xa que foi o que máis apoio obtivo, e non lle parece nin demagóxico, nin perverso e que foi o mesmo criterio que se seguiu para a Xunta de Goberno, na que tres son do Equipo de goberno e dous dos Grupos con máis representación, e que vai en orde descendente, e que foi o pobo o que empuxou a unhos e outros, e que a cuestión non ten nin máis nin menos con toda a fraxilidade ou dureza que se queira.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non lle vale o argumento porque no seguinte punto vaise demostrar que non hai vontade democrática e todo é demagóxico, e que para o nomeamento da Comisión Xestora do Centro Comercial Aberto, recorre ao goberno bipartito anterior para nomear a dous membros do equipo de goberno e nomea a dous do Bloque porque antes había un goberno bipartito, antes, pero agora non, e se tivera vontade de participar ao resto dos grupos tiña ahí unha oportunidade única de nomear un terceiro representante e non dous do Bloque.

O Sr.Alcalde di que ise é o punto seguinte.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que manifesta que lle fai gracia a sintonía, e que o criterio que se elixiu para formar a Xunta de Goberno foi un criterio e ese pode variar, e non ten porque non variarse, e que lles parece que un representante do resto dos Grupos Políticos teñen que elixilo o resto dos Grupos e que son quen para facelo e o Pleno será quen ten a competencia e terá que refrendar o que acorden os Grupos, pero honradamente, deberían elixir os Grupos da oposición quen os represente e non o conxunto, e xa falarán disto no punto seguinte, donde vai pasar o mesmo.

O Sr.Alcalde replica que hai moitos criterios de elección, deliberando co Sr.Rivas Alvarez.

Pasado a votación o ditame , por sete votos a favor (dos membros presentes dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e cinco en contra (dos membros dos Grupos municipais do PSOE e de UPRI), acórdase:

1º.- A designación como representantes do Concello de Ribadeo, dun representante pertencente o Grupo Municipal do BNG, como titular D. Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente e como suplente a D.Vicente Castro Reigosa, e un representante do Grupo Municipal Popular, como titular don José Carlos Rodríguez Andina e como suplente don Jesús López Penabad.

2º.- A remisión de certificación do acordo adoptado á Mancomunidade de Concellos ós efectos procedentes.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

**2007/04/87.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA COMISIÓN MIXTA XESTORA DO CENTRO COMERCIAL ABERTO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

**“PROPOSTA DA ALCALDIA RELATIVA A DESIGNACION DE REPRESENTANTES NA COMISION MIXTA XESTORA DO CENTRO COMERCIAL ABERTO.-**

Visto que na reunión da Xunta de Portavoces de data 13 de setembro de 2007 se adoptou o criterio que se transcribe:

“Por parte dos representantes dos Grupos municipais do PSOE e de UPRI se acorda que a representación do mesmo sexa ostentada por don Francisco Rivas Alvarez do Grupo UPRI, e o Sr. Duarte Diaz do Grupo Municipal Popular mantén que debe ser o Grupo Popular quen teña esa representación, pedíndose conste en acta que mantén este criterio.

Polo tanto se efectúa unha designación no seo da Xunta de Portavoces os Grupos de PSOE e UPRI designan ao representante de UPRI e o Sr. Duarte Diaz mantén que a representación debe corresponder ao seu Grupo.”

Pola Alcaldía considerando que compre se celebre unha reunión da Comisión Mixta Xestora, anteriormente prevista e que non foi celebrada e na que, se efectuará o tratamento dos asuntos que procedan.

Considerando igualmente que segundo o previsto no Convenio Regulador do referido Centro Comercial Aberto estaba pensado o funcionamento baixo a existencia dun goberno bipartito donde había un só grupo de oposición, e existindo diverxencia entre os Grupos Políticos do Concello sobre o alcance da expresión contida no referido convenio, cando prevé que a Comisión Mixta Xestora estaría composta no que atinxe ó Concello polo Alcalde Presidente, dous membros do equipo de Goberno da Corporación Local e un membro representante do resto dos Grupos Políticos.

Considerando que polo tanto, nunha interpretación finalista do previsto no Convenio Regulador amais do Alcalde Presidente e de dous membros do equipo de Goberno da Corporación Local (que deberán ser designados polo equipo de Goberno) compre que se designe un representante do resto dos Grupos Políticos que non forman parte do equipo de Goberno, e que debe ser efectuada a elección por un Organo que teña capacidade de adopción de acordos sobre a materia, circunstancia que non recae na referida Xunta de Portavoces que pola súa propia natureza e un Organo de carácter informativo, consultivo e deliberante, e non resolutorio, non podendo vencellar, en ausencia dun criterio unánime dos Grupos da Corporación, a determinación da representación Corporativa de competencia plenaria.

En virtude do que antecede, propónse ó Pleno Municipal sobre o asunto epigrafiado, a adopción do acordo seguinte:

-Designación dun representante do resto dos Grupos Políticos na Comisión Xestora Mixta do Centro Comercial Aberto, propoñéndose que recaiga nun membro do Grupo Político da oposición municipal que obtivera máis votos nas pasadas eleccións, a tenor da maior representatividade que, polo tanto, ostenta, e toda vez que este mesmo criterio foi o que serviu para a constitución da Xunta de Goberno Local.”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que manifesta que é a mesma filosofía e que para a votación está o Pleno municipal e fai referencia á necesidade de constituir a Comisión xestora.

O Sr.Pérez Vacas manifesta o criterio en contra do Grupo Municipal Socialista significando que había un acordo adoptado e polo tanto lle da o mesmo valor que para decidir o tema das cumbreiras e sinala que o Grupo Municipal Socialista toma boa nota e anuncia o voto en contra.

Intervén de novo o Sr.Alcalde que dí que non existindo un criterio unánime da Xunta de portavoces procede que se vote.

O Sr.Pérez Vacas respóstalle que lle obriga o mesmo que cando foi a instancia do Alcalde para outros asuntos e que lle obriga moralmente e a todos os efectos.

O Sr.Alcalde á súa vez manifesta que será como dí a norma e o Sr.Pérez Vacas dí que quedou clarísimo que era o que se designou pola Xunta de Portavoces.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI manifesta que é o colmo do despropósito e que se lle quere dar un carácter dunha maioría ou doutra lle parece un elemento máis de falta de democracia que lle sorprende e que flaco favor se lle fai á Xunta de Portavoces e que sobra.

O Sr.Alcalde manifesta que lle sorprende esa postura e que él fai unha proposta e que o Pleno valorará.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí que cal é o interés de que se lle dea a todo o mundo moito xogo agora e que nos catro últimos anos o PP con 6 concelleiros pintou menos que un cero á esquerda e que se os queren excluir a versión vai ser que teñen un pacto co BNG pero neso teñen pouco que facer porque parece que consideran que o PP non está nin para gobernar nin para estar na oposición e que se van facer escoitar por todos e o que sexa haberá que decidilo públicamente e sinala que van votar a favor.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo municipal de UPRI sinala que non tratan de excluir a ninguén e que os camiños son de ida e volta e anuncia que van votar en contra da proposta da Alcaldía.

De seguido pola Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros presentes dos Grupos municipais de BNG e PP) e tres en contra (dos membros presentes dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI), acórdase ditaminar favorablemente como proposta de acordo para o Pleno a formulada pola Alcaldía nos propios termos da mesma e propoñéndose a adopción dos acordos seguintes:

-Designación dun representante do resto dos Grupos Políticos na Comisión Xestora Mixta do Centro Comercial Aberto, propoñéndose que recaiga nun membro do Grupo Político da oposición municipal que obtivera mais votos nas pasadas eleccións, a tenor da maior representatividade que, polo tanto, ostenta, e toda vez que este mesmo criterio foi o que serviu para a constitución da Xunta de Goberno Local.”

Iniciada a deliberación intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez como representante do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que vaise adoptar un acordo cercenando o acordo da Xunta de Portavoces sobre o Centro Comercial Aberto, precisamente polo resto dos Grupos Políticos da oposición, e daquela todos estaban de acordo, e había un acordo tomado por maioría, e o Alcalde naquel momento non dixo nada, pero parece que lle “tiraron das orellas” e o Concelleiro no uso da palabra ao día seguinte veu á reunión do Centro Comercial Aberto, e deixou de ir ao seu Centro de traballo e estivo esperando no Concello,



e cal sería a súa sorpresa cando lle dín que non se deron conta de avisalo de que non ía celebrarse a Xuntanza e agora traese a Pleno para modificar aquel acordo; que se a Xunta de Portavoces valía para adoptar acordos como o das cumbreiras non lle parece de recibo nin nada democrático senon todo o contrario, e se vale para adoptar un acordo aínda que sexa por unanimidade, resulta que agora como non sirve ou non lle veñen ben os intereses, resulta que non vale, e iso chámase democracia, e anuncia que vai votar en contra.

Intervén de seguido o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que aínda que xa se explicou antes, vai ser máis do mesmo, pero como agravante, cree recordar que na Xunta de Portavoces o Sr.Alcalde dixo aos membros da oposición que nomearan un representante, e a oposición o que fixo democráticamente foi facelo seguindo as instrucións do Sr.Alcalde e o representante que quedou da oposición naquela Xunta de Portavoces, que parece ser que agora é deliberante, e pensaron que lles obrigaba a todos os portavoces foi que o Sr.Rivas cos votos de UPRI e de PSOE sería o representante en contra do criterio do Partido Popular que quedou manifestado polo Sr.Duarte e procedeuse naquela Xunta de Portavoces a votar, e sairon dous votos para UPRI e un para o PP, e acordouse na Xunta de Portavoces porque era urxentísimo ao día seguinte ía haber unha reunión do Alcalde e do Presidente do Centro Comercial Aberto, cousa que non houbo e se lle deu un plantón ao Sr.Rivas Alvarez e quedou en auga de borrallas o acordo adoptado, ou a deliberación mellor dito da Xunta de Portavoces daquel día e hoxe é o Pleno quen ven a decidir non sabe porqué motivo o que xa estaba decidido, e que quere ratificar o xa manifestado na Comisión Informativa, non lles queda outro remedio que votar que non , porque entenden que se está votando un acordo xa adoptado , que se deixa sen efecto non saben porqué criterios que quizá os explique o Alcalde.

Intervén a continuación o Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular que manifesta que lle tocou ese día, en substitución do Sr.Rodríguez Andina, e non estivo de acordo no que di o Sr.Rivas Alvarez de que se acordou eso por unanimidade, que considera que non é verdade porque nunca estivo de acordo.

O Sr.Rivas Alvarez replícalle que non foi por unanimidade, pero que se tomou o acordo, e o Sr.Duarte dí que se trata dun acordo que tiña que refrendarse no Pleno e dí que agora se está refrendando nun Pleno e que polo tanto é así. O Sr.Rivas Alvarez discrepa do Sr.Rivas Alvarez e dí que alí non se falou nada de refrendar no Pleno.

O Sr.Duarte Díaz replica que se dixo que quen tiña que votar este acordo no Pleno e agora se está aquí refrendando ou non aquilo, e que polo tanto as posicións son claras e o Grupo Popular como no punto anterior ve claro que por representantividade popular piden para sí mesmos a representación e agora o Pleno vai dicir o que teña que dicir, se vai ser o Sr.Rivas proposto polo Partido Socialista ou se vai ser un membro do Partido Popular, é dicir a proposta do Alcalde.

O Sr.Rodríguez Andina dí que o Alcalde é quen ten que propoñer.

O Sr.Alcalde intervén dicindo que xa se centrou o debate no punto anterior, e que aquí a diferenza é que non entenden o funcionamento da Xunta de Portavoces, e que é un órgano deliberativo, que non toma acordos, sen ponderación, xa que son catro portavoces e que a ponderación está nas Comisións Informativas, Xunta de Goberno e Pleno e ahí é donde está reflectida a ponderación que deu o pobo; e que andar votando entre portavoces é furtarlle, e pon o símil do Parlamento do Estado donde os Grupos tamén teñen distinta ponderación e non son iguais, e hai un portavoz que ten cento e pico deputados e outro dous, e non sería democrático e non sabe a que lle están dando voltas, para estar sostendo argumentos absolutamente pueriles, con todos os seus respetos.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que a Xunta de Portavoces por designación legal e deliberativa, non tendo capacidade de voto, e que se hai outra Xunta de portavoces e

unánimemente acordaran que vai algo adiante perfecto, e senon ten que ir ao Pleno e o tema ten que ir igual ao Pleno para ratificalo, e igual están deixando de lado algo moi importante e que hai un Convenio asinado hai 3 anos que durante dous anos e medio nin se constituíu a Comisión mixta, e non a convocaba ningún Concelleiro que a convocaba o Alcalde, e non sabe porque motivo non se convocou, e agora trátase de cumprir as bases que hai dispostas, e aquí están no debate.

Incidentalmente polo Grupo Municipal Popular se manifesta que propón como representantes titular a don José Carlos Rodríguez Andina e suplente dona Begoña Sanjurjo Santar.

Pasado a votación o ditame , por sete votos a favor (dos membros presentes dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e cinco en contra (dos membros dos Grupos municipais do PSOE e de UPRI), acórdase:

Designar como representante do resto dos Grupos Políticos na Comisión Xestora Mixta do Centro Comercial Aberto, a D.José Carlos Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular como titular e como suplente á membro da mesma procedencia dona Begoña Sanjurjo Santar.

**2007/05/88.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ENVASES (CONTEADOR AMARELO) E EXPLOTACIÓN DO DEPÓSITO DE ENTULLOS E RESIDUOS DA CONSTRUCCION E PUNTO LIMPO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia á vista de que na sesión plenaria de 12 de novembro de 2007 se acordou por unanimidade deixar pendente, de conformidade co art. 92.1 do ROF o asunto aprazándose a discusión do mesmo para a seguinte sesión e non procedéndose a votación sobre o fondo do asunto.

Resultando que con data 11 de decembro de 2007 tivo entrada unha resposta da Técnica de Novotec ás alegacións realizadas polo Grupo de UPRI e unha versión revisada do informe de avaliación e valoración das propostas presentadas ó concurso epigrafiado.

Resultando que se emitiu, igualmente, informe de Secretaría con data 3 de decembro de 2007.

Resultando que dos informes obrantes no expediente e da tramitación efectuada se desprende a procedencia de manter a proposta de adaxudicación que fora efectuada na Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 23 de outubro de 2007, nos propios termos da mesma, propónse ó Pleno municipal:

A adxudicación da licitación convocada para o contrato de concesión de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos da construción e punto limpo a favor da empresa Urbaser, S.A., sendo a de maior puntuación e sen prexuízo da admisibilidade ou non da oferta da UTE Isolux Corsan-Coto Ribadeo, S.A., conforme a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación do Concello do 17 de outubro de 2007, rexeitándose a enmenda presentada polo Grupo Municipal de UPRI na que se propon a adxudicación á empresa de menor puntuación segundo os informes.”

Iniciase deliberación manifestando o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que se reservan para o Pleno xa que non o puideron estudar e pregunta que se hai algo máis roga que se incorpore pola mañá e non xusto antes de tratar o punto na sesión.

Por parte de Secretaría se sinala que técnicamente o expediente está completo, manifestando o Sr.Rodriguez Andina que non se trata diso.

O Sr.Pérez Vacas dí que da por feito que está todo ahí e que sería unha sorpresa e anuncia que o Grupo do PSOE se reserva para o Pleno.

O Sr.Rodriguez Andina manifesta que o outro día non foi edificante.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que o seu grupo ten unha proposta que facer respecto ao ditame.

Por Secretaría se informa sobre o disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento respecto aos votos particulares e ás enmendas, e ás posibilidades de formulalas dun ou doutro xeito.

O Sr.Rivas Alvarez anuncia que formulará un voto particular ao ditame da Comisión.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que despóis do espectáculo da sesión plenaria e despois de ler polo miúdo os informes aprecia que houbo unha dose elevada de mala fe na enmenda polo fondo real e o ficticio, pola forma e dende logo despois de ter que suspender a sesión volta a traelo íntegramente e se recoñeceron erros de forma xa naquel momento pero non había eses supostos erros de fondo para nada e hai dous informes ben elaborados donde se describe todo, punto por punto, en relación á enmenda e fai referencia aos informes de Secretaría e de Novotec que procede a ler na reunión, e pide aos Sres.Concelleiros que falen na Comisión para non voltar a dar espectáculos e sinala que non ten interés particular no asunto o Alcalde nin o seu Grupo e que non ten especial interés por ningunha das ofertas presentadas.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo PSOE dí que é claro e obvio por parte de todos os Grupos, e o Sr.Alcalde dí que deu a sensación de que había algo raro e que él herdou un expediente en tramitación catro meses despois.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que este expediente partiu de diversos erros e fai referencia a unha alegación inicial ao Prego e fai referencia tamén ao informe de NOVOTEC e a que considera que contén elementos que non son certos en relación á dación de alta como xestor de residuos por parte de URBASER e que tamén hai un erro no informe de Secretaría cando manifesta que AYMASA é hoxe URBASER, cando se trata de ISOLUX.

Por Secretaría se manifesta que efectivamente foi un erro material que se corrixe no momento na propia sesión no texto do informe.

Prosegue a deliberación intervindo os representantes dos diferentes Grupos e manifestando o Sr.Rivas Alvarez que non teñen técnicos que lle fagan os informes.

Prosegue a súa intervención o Sr.Rivas Alvarez manifestando que quere facer unha proposta e que é que o ditame que saia da Comisión sexa que se envíe todo á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma para que emita informe ao respecto.

Intervén o Sr.Cupeiro Rodriguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que fai referencia ao procedemento de apertura de sobres na Mesa de contratación e a que non se formulou alegación algunha así como ao sinalado no informe de NOVOTEC respecto á imposibilidade de darse de alta ata que sexa xenerador de residuos.

Deliberase sobre a xestión que efectúa URBASER do vertedoiro de escombros de A Guarda, efectuándose diversas intervencións.

Proseguen as deliberacións reiterándose os argumentos expostos.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se anuncia a formulación dun voto particular para o Pleno sinalándose por Secretaría que dende o día seguinte ao da Comisión Informativa deberá acompañar ao ditame, debendo entregarse mañá a este efecto.

De seguido pola Comisión Informativa por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) un voto en contra do membro do Grupo municipal de UPRI e catro abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP e do PSOE), propónse como ditame da Comisión que o Pleno municipal adopte o acordo que se transcribe de seguido:

A adxudicación da licitación convocada para o contrato de concesión de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos da construción e punto limpo a favor da empresa Urbaser, S.A., sendo a de maior puntuación e sen prexuízo da admisibilidade ou non da oferta da UTE Isolux Corsan-Coto Ribadeo, S.A., conforme a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación do Concello do 17 de outubro de 2007, rexeitándose a enmenda presentada polo Grupo Municipal de UPRI na que se propón a adxudicación á empresa de menor puntuación segundo os informes.”

Intervén o Concelleiro Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que fai referencia en primeiro lugar a que efectivamente se referiu a un voto particular que vai proceder a ler e que en relación ao vertedoiro de A Guarda que se decía que era xestionado por URBASER por parte do seu Grupo se dixo que se seguen reiterando que URBASER non se atopa dado de alta diante da Xunta de Galicia e que se segue reiterando o seu Grupo nesta cuestión.

De seguido procede á lectura do voto particular que se transcribe de seguido literalmente, traducido do seu orixinal en castelán:

“D. Francisco Rivas Alvarez, provisto de DNI 71872184-J na súa condición de Concelleiro de Unión do Pobo Ribadense (UPRI) presenta o seguinte voto particular a proposta da Comisión Informativa celebrada o pasado mércores 26 de decembro, sobre o asunto “ Adxudicación do contrato de concesión de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos da construción e punto limpo” para ser sometido á consideración do Pleno:

En primeiro lugar entende este Concelleiro que tanto os informes como os contrainformes á enmenda presentada no Pleno do pasado mes de outubro elaborados tanto pola empresa NOVOTEC como por Secretaría, non desvirtúan a nosa enmenda inicial e a nosa valoración das propostas presentadas e nos reiteramos en que este Pleno ten a capacidade e debe de valorar e corrixir na súa xusta medida.

Que os numerosos erros aparecidos na tramitación dende o inicio do expediente e ao longo do desenvolvemento do mesmo, aconsellan o seu envío á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma.

É por elo que solicito que o Pleno da Corporación adopte o acordo de enviar toda a documentación do expediente dende o seu inicio, alegacións, enmenda, ... en definitiva toda canta documentación exista sobre o mesmo á mencionada Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma para que emita informe e a Corporación poida pronunciarse toda vez coñecido o mesmo.

En Ribadeo a 27 de decembro de 2007. Asdo. Francisco Rivas Alvarez.”

Durante a intervención o Sr.Rivas Alvarez manifesta que entregou no Pleno unhas copias obtidas da páx. Web da Xunta de Galicia e dí que o entregou aos distintos Grupos, e que se envíen tamén.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que quixera oír os argumentos do goberno para ratificar o acordo que hai, que non ten previsto unha intervención ata que se escoite ao goberno , e que o seu Grupo segue tendo as mesmas dúbidas que se xeneraron no Pleno , e non sabe como o Alcalde fala de que houbo mala fe naquel pleno , cando por parte de toda a Corporación se deu unha mostra de sobrada confianza no goberno instando a retirar aquilo e se se observa mala fe por parte do goberno non sabe porque non se votou aquel día a proposta que había.

Prosegue sinalando o Sr.Pérez Vacas que o portavoz do Partido de UPRI sembroulles moitas dúbidas e que lle gustaría saber o que opina o goberno de todas estas cuestións, e se teñen a cuestión clara para tomar unha decisión.

O Sr.Alcalde contesta que xa se explicou a posición na Comisión Informativa na que o Sr.Pérez Vacas estivo presente, e que a proposta da Alcaldía que foi á Comisión Informativa é a mesma e que a proposta é a mesma que herdaron e a mesma de cando foi Alcalde o Sr.Pérez Vacas e que é a mesma que houbo durante todo o proceso ata que o Alcalde no uso da palabra foi Alcalde, e que o Pleno ten que votar a proposta da Comisión ou separarse motivadamente dela.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que o único que se fixo no Pleno anterior, reitera, nun espectáculo lamentable, se puxeron dúbidas sobre a forma, pero o fondo para nada variou, nin respecto ao tramitado cando era Alcalde o Sr.Pérez Vacas, e dende logo os supostos fallos están totalmente clarificados cos informes posteriores tanto de Secretaría como da Consultora NOVOTEC, e que os informes son intachables.

Interven a continuación o Sr.Cupeiro Rodríguez como Concelleiro Delegado que manifesta que lle tocou lidiar con este asunto e que xa que alguén non ten claro dos asistentes , que nese concurso, na cláusula 16 na presentación de proposicións está moi claro que hai dous sobres, e que un dos documentos a que se refire é o de Rexistro xeral de produtores e xestores e que toda esta documentación se presentou naquel entón dentro da Mesa de contratación e que ninguén formulou nada na súa contra e era alí donde había que manifestalo, que realmente había algún problema respecto a esa empresa que non estaba no Rexistro referido, e non se fixo.

Que unha vez dito isto dentro da cláusula 17, a Mesa de contratación tiña unha función e era presidente da mesma o Sr.Pérez Vacas, e algo de responsabilidade terá, e a cláusula 18 fala de cualificación da documentación xeral e dí que se a documentación contivese defectos substanciais ou erros manifestos que a fagan inviable rexeitarase a proposición mediante acordo motivado e que se puido facer naquel momento e non se fixo, e na cláusula 19 , apertura de proposicións dí que a oferta económica e documentación técnica dará conta do resultado da cualificación , indicando os licitadores excluídos e aceptados, e as causas da súa exclusión e que era aquel o momento de facelo, e pregunta ao Sr.Pérez Vacas porque agora se resulta que o Sr.Pérez Vacas ou un equipo, foi quen fixo toda a tramitación e pregunta a que ven agora o problema, da cuestión do Rexistro de produtores e xestores, cando resulta que a empresa á que se lle pide informe dí que non é necesario facer a solicitude nin inscribirse, porque resulta que mentres non se xeneren os residuos non se ten que dar de alta.

Toda vez que incidentalmente se producen manifestacións en voz alta por parte do público o Sr.Alcalde pide ao público asistente que non interveña nas deliberacións.

Prosegue a intervención do Sr.Cupeiro Rodríguez dicindo que non é técnico e asimesmo que fai referencia a que se se dubida da solvencia de NOVOTEC que é unha empresa que tamén traballa en Francia, en Italia e en México, en España, etc. e se non ten solvencia , que quen ten solvencia e además que se lles presentara outro informe.

O Sr. Pérez Vacas contesta preguntando se él falou algo de NOVOTEC. O Sr. Cupeiro Rodríguez dí que non se refire ao Sr. Pérez Vacas senon ao que se decía de que había unhas dúbidas como si NOVOTEC non tivera capacidade para emitir un informe, e que se refería ao Sr. Pérez Vacas únicamente na parte que lle correspondía da tramitación.

O Sr. Pérez Vacas contesta que tiña un equipo administrativo que era o que lle informaba, e que él tomaba as decisións políticas, como vai tomar hoxe no Pleno, e dí que a ver se os do Grupo do BNG son algunha vez responsables de algo cando remate o mandato dos catro anos, e dí que él non adxudicou nada a nadie e que iniciou o proceso, e está ahí para que se adopten as resolucións.

O Sr. Cupeiro Rodríguez pasa a mencionar as principais datas do procedemento seguido, deliberándose sobre a contestación da Consellería de Medio Ambiente cando se lle pediu o informe.

Toda vez que o Sr. Cupeiro Rodríguez pregunta ao Sr. Pérez Vacas porque se enviou a petición de informe á Consellería e non a unha empresa o Sr. Pérez Vacas contesta que a empresa dí o que se lle pide e a Consellería é a Administración pública autonómica para facerlle a consulta pertinente, e que se quere lle pregunte á Consellería porqué non contestou. Que a empresa contesta de hoxe para mañá pero ten un custo, e que ninguén pon en dúbida a solvencia de NOVOTEC.

Volta intervir o Sr. Cupeiro Rodríguez que dí que houbo tempo dabondo para pedir informes técnicos e dí que ten que falar cos datos que ten e non con cousas ambiguas e se se lles insinúa que tiveron tempo para facer esto os que están gobernando na actualidade, resulta que desde febreiro aínda que se lle pedira á Consellería de M<sup>o</sup> Ambiente, que é curioso, é do PSOE, podía solucionarse cunha chamada de teléfono que dixese que sí ou que non; que o seu Grupo non demorou nada no tempo e agora fixeron o que teñen que facer, e o 13 de setembro se lle pide á Consultora NOVOTEC, por que no verán hai vacacións, e que as datas están ahí, e que o informe de NOVOTEC está claro respecto do aspecto do Rexistro. Fai tamén referencia o Sr. Cupeiro Rodríguez ao apartado h) da pax.11 do Prego que dí que a inscrición ou solicitude deberá aportarse antes da formalización do contrato, e tamén na cláusula 21 do Prego se fai referencia á documentación que ten que presentar antes da formalización contractual.

O Sr. Pérez Vacas dí ao Sr. Cupeiro Rodríguez que lle está dando unhas explicacións que non pediu, e que non deixa de mirar para él, ao que resposta éste que llas está dando ao Pleno, e dí que non lle cuestionou nada en absoluto ao goberno e únicamente pediu unha explicación e que non lle fale de NOVOTEC como se fora a palabra de Deus, e que dí o que se lle manda como calquera outra empresa. Que non cuestionou nada, en absoluto sobre se se demorara ou non e se os que están aquí, e na Presidencia, decidiron facer unha consulta á Consellería de Medio Ambiente é a mesma Consellería que é do Goberno, non do PSOE, e a que lle vai resolver durante este mandato moitas cuestións ao Concelleiro Delegado, e non sabe porqué é malo cando se refire ao Sr. Pérez Vacas e bo cando se refire ao Sr. Cupeiro Rodríguez, e nese caso é do goberno da Xunta.

Que quere repetir que o único que pediu para tomar unha resolución era que se estaba todo correcto, porque repetidas veces, se estaba tan claro o día do Pleno, non sabe porque non se votou, e que algunha dúbida tería o goberno cando a retirou e que non cree que porque llo pidan o resto dos membros, se lle faga caso como ocorreu nos outros puntos. E reitera que non se dirixa a él, que quere ter as cousas claras para tomar unha decisión, e reitera que non hai Consellerías nin do PSOE nin do BNG senon, entende, do Goberno Autónomo ás que se dirixiu o Sr. Pérez Vacas, e cando contestou a Consellería rematou o proceso, e estaban en plena campaña electoral, era en abril, e que non lle boten a culpa aos demais, que os demais algunha culpa teñen (en relación a sí mesmo), e por iso perderon as eleccións e por eso as gañaron o actual goberno, pero que non estean catro anos con iso. E

algo terán que dicir e ademáis tomar esta decisión, que é adxudicarlle a un ou a outro. Reitera que quería ter os datos e que agora que os ten tomará a decisión que estime, en representación dos seus electores.

Deliberase entre o Sr.Cupeiro Rodríguez, que pide desculpas, e o Sr.Pérez Vacas dicindo este último que o Sr.Alcalde actual era Tenente de Alcalde e estaba no goberno anterior e que non lle está metendo culpa de nada.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular intervén dicindo que lle encanta, e que como doe cando a un lle dín que a culpa é dos que estiveron en anos anteriores, e llo dí ao Sr.Pérez Vacas, e que ao mellor agora se entende ( en relación a sí mesmo) o que algúns padecían no Pleno os catro anos anteriores, cando todos os males do Concello eran do Partido Popular e probablemente cando ao Bloque lle toque abandonar o goberno, que lle vai tocar, como a todos tamén algunha levará, e que lle encanta que se manifesta hoxe ( o dí con ton irónico o Sr.Concelleiro no uso da palabra) a concordia e a absoluta compenetración que había no goberno anterior bipartito e está claro que se levaban moi ben, “de medo” diría o Concelleiro no uso da palabra, literal, e estaban moi coordinados e estaban exactamente igual que na Xunta, donde pola mañá vai inaugurar o Vicepresidente e pola tarde o Presidente, pero xuntos non non vaia ser que os consideren revoltos, pero que é o que hai.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que quixera romper unha lanza a favor das empresas, porque aquí non sabe se o Grupo Popular son os únicos que non teñen nada contra as empresas, polo menos eles non teñen nada contra as empresas, e as empresas non contestan necesariamente o que se lles pide que contesten, porque senon habería que metelos na cárcel, e teñen unhas acreditacións e contestarán o que consideren que teñen que contestar, non o que se lles pida. Neste aspecto lle gustaría dicir que como o portavoz do PSOE aínda non dixo o que ía facer e sobre o voto particular , vai facer un pouco de historia. Presentase unha enmenda, da lugar a un revoltallo, todos fora de xogo, o Sr.Alcalde levanta a sesión, vaise á Alcaldía, e se acorda entre todos enterarse ben para que vaia correcto e agora hai unha resposta á enmenda por parte do equipo xurídico do Concello e da empresa, o da empresa non lle importa, pero vaise referir aos informes da casa. E hai unha resposta donde neste voto particular UPRI, dende logo, non contradí punto por punto o que dí ese informe, e dende logo, non invalidará a enmenda, pero ao final dí como conclusión final e definitiva que entende o informante que debe manterse a proposta tal como estaba. Que o informe algo dí. Como consecuencia diso e ante o difícil mantemento de voltar a presentar e enmenda, ante un informe xurídico de 4 ou 5 folios óptase por outra vía que é -elevemos a consulta á Xunta de Galicia- .

O Grupo Popular ten que dicir que en primeiro lugar ten absoluta confianza nos informes internos deste Concello, que UPRI non desminte, e polo tanto creen que o informe é “planchado” e lles parece asimesmo que a proposta de UPRI igual que na enmenda inicial pretende retrasar, dilatar, ao final estorbar e non cree que vaia a ningún lado. Ao Grupo Popular pareceríalle ben acotar prazos , polo menos iso, o que diga a Consellería vai á misa, agora ben se non contesta en tal prazo vai á misa o informe xurídico interno e polo menos saber a que quedarse porque se non vaise estar sempre que igual dentro dun mes teñen outra proposta distinta e non poden estar así eternamente.

Asimesmo pensan que o Grupo proponente terá que asumir no seu momento as responsabilidades correspondentes como isto non teña ningunha razón, porque tanta seriedade e tanta formalidade, e tanto estudialo, haberá que asumir a responsabilidade de que ao final igual son 2,3 ou 4 meses “dandolle voltas ao veo” para voltar a estar no principio, cousa que teme que poida suceder.

Prosegue sinalando que non teñen ningún interese en que isto non poida ir adiante e que esa proposta de consulta a un órgano consultivo que, por certo, acabase de crear fai 15 días e todavía non está constituído, “que ten tela marinera a quen lle van pedir a consulta”, e por iso dí tamén o de acotar prazos, porque se está sen constituir e se constitúe en abril, fíxense “donde están mareando a perdiz”. Que non teñen ningunha fe na consulta pero non

teñen inconvinte e non quere que quede ningunha dúbida de que a adxudicación que se faga no Pleno sexa a máis correcta, e teñen que aclarar tamén, como os outros grupos, que non teñen ningún interese. Anuncia que o seu Grupo se vai abster, se ben lles parece a proposta máis unha medida de entorpecemento que de resolución.

O Sr.Pérez Vacas dí que pola súa parte quere recoller parte das manifestacións do portavoz do Partido Popular, e que en absoluto discrepan do informe de Secretaría , é máis durante 4 anos para o Grupo do PSOE serviron sempre , non sabe se para todos os Grupos presentes na mesa, foi o mesmo tema, e que o que creen é o mesmo, que unha vez adxudicada, sexa o que todos queren que sexa e tampouco ven mal que se envíe a esa Xunta Consultiva, e que se acoten os prazos, que canto antes estea funcionando mellor, e que sexa vinculante, pois moi ben, e que se non contesta que se por bo o informe, que xa o dan agora pero o que queren evitar son as dúbidas. Que lles parece correcto que se envíe á Xunta Consultiva , e que sexa vinculante o informe que envíen e que se lle dea un prazo de contestación.

O Sr.Cupeiro Rodriguez dí que o informe da Xunta Consultiva non é vinculante.

O Sr.Pérez Vacas dí que como terá que vir a Pleno, que o que diga sexa vinculante, por acordo do Pleno.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI que dí que a súa proposta está clara, e que en primeiro lugar non teñen interese por ningunha empresa, igual que o resto dos Grupos da Corporación, porque parece que teñen interés, e que queren o mellor para os veciños de Ribadeo e que con ese informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderán ter un elemento máis, imparcial para poder tomar unha decisión. Que non se van poñer a debatir aquí porque considera que non lle deben de seguir dando voltas a iso, cada un ten o seu punto de vista, e que a enmenda do Pleno de outubro ten plena validez , e será a Xunta consultiva quen o diga, porque que lle diga NOVOTEC no seu informe que URBASER está dado de alta e que se diga por parte de Secretaría que ten a concesión administrativa do vertedoiro de escombros de A Guarda, non lle cuadra porque ten que estar dado de alta como xestor e non aparece, e o dí aquí e que non vai entrar en máis detalles.

Volta intervir o Sr.Cupeiro Rodriguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que contesta ao Sr.Rivas Alvarez e que dí que xa que seguen no mesmo plantexamento da enmenda podíalle ir dando punto por punto á enmenda, explicacións de todo, pero lle vai dar simplemente unha para que vexa a seriedade da enmenda. Dí que finalmente se analizamos o canon ofertado por unha e outra e extrapolamos, pregunta ao Sr.Rivas Alvarez que é o que veñen a extrapolar aquí, o é que aquí veñen a falar en serio e que hai unhos pregos de condicións económico-administrativas e técnicas, e procede a leer unha parte da enmenda, e prosegue manifestando que non ten o mínimo rigor porque o Sr.Rivas Alvarez esta facendo uso dunhas cantidades dun presuposto posteriores á licitación, e os Pregos son a base da opción do concurso e que as demagoxias non lle valen para nada, e que o Sr.Rivas Alvarez fai, é xogar con esto para intentar enganar a quen poida enganar, pero ao Grupo de goberno non, porque xa saben por donde van os tiros.

Que o Sr.Rivas Alvarez colle unha cantidade que está nos presupostos e a divide , unha cantidade que é puntual, dunha cantidade que se botou en varios anos, discrepando o Sr.Concelleiro intervinte do cálculo que efectuou o Sr.Rivas Alvarez, e considera que hai demagoxia nos cálculos efectuados, e que non é serio o que plantexa e que o Sr.Rivas Alvarez veu a enganar ao Pleno. O Sr.Cupeiro Rodríguez explica polo miúdo as cantidades verquidas e o xeito do cálculo efectuado, reiterando a súa discrepancia co plantexado polo Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Castro Reigosa, do BNG, manifesta que é distinto que existan unhas liquidacións de uso do vertedoiro para un orzamento concreto de que foran xeneradas no exercicio correspondente.



Conclúe o Sr. Alcalde o debate manifestando que queda clara a postura de cada quen, e que a marea sobe e baixa e ao Grupo do BNG lle dá igual “tanto Xan como Perican”, e non sabe se todos poden dicir o mesmo, e non sabe se poden todos dicir o mesmo e se están en situación de facelo; que en canto a sí mesmo, formaba parte dun goberno pero neste asunto non había un representante na Mesa de contratación do “outro goberno”, e non sabía o Tenente de Alcalde a quen se pedían os informes e herdou toda a tramitación, e como os informes eran favorables o trouxo a un Pleno. Como se alegou que había erros retirouse da Orde do día e despois de estudialo e non politicamente, senon cos técnicos, e que dende o comezo xa se veu sinalando que unha das opcións podía estar incursa nunha causa de inadmisibilidade, por imperativo legal.

Por parte do Sr. Alcalde se lee o remate do informe de Secretaría e dí que parece que aquí ninguén lee os informes, e cree que é suficientemente revelador.

O Sr. Alcalde conclúe que cree que o expediente está correctamente instruído e que non teñen porque dudar dos informes, e que herdaron unha tramitación, e os erros foron subsanados e que van manter a proposta que veu ao Pleno.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista pregunta ao proponente do voto particular se admite que sexa vinculante o que diga a Xunta Consultiva para o posterior acordo plenario e se é suficiente con que teña un mes a Xunta Consultiva despois de ter recibidos os documentos. O Sr. Rivas Álvarez do Grupo de UPRI manifesta que admite o sinalado polo Sr. Pérez Vacas que non ten ningún inconveniente.

O Sr. Pérez Vacas dí asimesmo ao Sr. Alcalde que se guía polos informes técnicos agora que é Alcalde, pero non fai falta que recorde cando non necesitaba informes de Secretaría, e os traía de fora, como pasou co Convenio dos funcionarios e que simplemente quere facer esas matizacións.

O Sr. Alcalde á súa vez dí que o Sr. Pérez Vacas seguía os informes técnicos cando era Alcalde e non agora que non o é, ao que responde o Sr. Pérez Vacas que non dixo iso senon todo o contrario, deliberándose sobre este extremo entre o Sr. Concelleiro intervinte e o Sr. Alcalde.

Volta intervir o Sr. Pérez Vacas que dí que tampouco o seu Grupo ten interese en ningunha das dúas empresas, nin en ningunha empresa que queira traballar en Ribadeo co Concello, con ningunha quere repetilo e quere que conste en acta, “que non teñen ningún interese en ningunha das empresas que se presentan para optar a traballar neste Concello”.

Por parte do Sr. Alcalde se sinala que tampouco o Grupo do BNG ten ningún interese, o que replica o Sr. Pérez Vacas que non sabe porque da explicacións o Alcalde que ninguén lle pide, e o Sr. Alcalde replica que considera convinte dalas.

Intervén o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, que dí que ningún dos Grupos ten interese particular e que están no mesmo.

O Sr. Alcalde manifesta que o Grupo Municipal do BNG non asume o voto particular presentado.

De seguido procédese polo Pleno municipal á votación do voto particular presentado polo Grupo de UPRI coa addenda de que o Pleno municipal acepta o ditame que se emita pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e a acotación efectuada dun mes de prazo dende que se reciba a documentación polo referido órgano consultivo.

O voto particular obtén cinco votos a favor (dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de UPRI e PSOE), catro votos en contra (dos membros do Grupo municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros presentes do Grupo Municipal do Partido Popular).

Por parte do Sr. Alcalde se sinala que polo tanto á vista do resultado da votación non se procede a votar a Proposta da Alcaldía e se queda a expensas do ditame da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

O Sr. Castro Reigosa do Grupo Municipal do BNG pregunta se se acotou no tempo e se responde por varios Concelleiros do Pleno que efectivamente o acordo se ten adoptado cun prazo dun mes dende que se reciba a documentación pola Xunta Consultiva.

**2007/06/89.- ADHESIÓN AO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEMP E AETIC PARA O DESPREGUE DAS INFRAESTRUCTURAS DE REDES DE RADIOCOMUNICACIÓN.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dada conta da existencia dun código de boas prácticas para instalación de infraestructuras de telefonía móbil subscrito entre a FEMP e AETIC e a posibilidade de adhesión ao mesmo do Concello , por unanimidade en votación ordinaria, a Comisión Informativa acorda propoñer como ditame ao Pleno municipal o acordo seguinte:

“ Nós, os representantes do Concello de Ribadeo, reunidos en Pleno con motivo do acordo subscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Asociación de Empresas de Electrónica , Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC) para o despregue das infraestructuras de Redes de radiocomunicación do 14 de xuño de 2005 declaramos o noso desexo e compromiso de participar de maneira constructiva no desenvolvemento da Sociedade da Información así como de favorecer o desenvolvemento harmónico das infraestructuras de rede de radiocomunicación en xeral, e de facilitar o acceso ao uso da telefonía móbil a toda a nosa poboación en particular, en termos de seguridade xurídica , medioambiental e sanitaria.

Recoñecemos a necesidade dunha colaboración estreita entre todas as institucións que teñen competencias relacionadas co despregue de redes de radiocomunicación, así como coas operadoras de telefonía móbil, para non poñer freo ao desenvolvemento dos nosos pobos e cidades, pero é a nosa obriga facelo en termos de seguridade. Por isto cremos necesario que exista un código de boas prácticas subscrito por todas as partes interesadas e avalado polo Ministerio de Industria, Turismo e Consumo.

Acordamos:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao acordo de colaboración subscrito entre a FEMP e a AETIC para o despregue das infraestructuras de redes de radiocomunicación asinado o 14 de xuño de 2005 e o Código de boas prácticas para instalación de infraestructuras de telefonía móbil , elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de decembro de 2005 así como o noso compromiso de cumprimento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, tramites e xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao acordo de colaboración subscrito entre a FEMP e a AETIC para o despregue das infraestructuras de redes de radiocomunicación asinado o 14 de xuño de 2005 e o Código de boas prácticas para instalación de infraestructuras de telefonía móbil , elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de decembro de 2005 así como o noso compromiso de cumprimento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, tramites e xestións sexan precisos para o bo fín dos acordos adoptados.

**2007/07/90.- ADHESIÓN AO ACORDO MARCO FEMP /SGAE.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 26 de decembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dada conta da Proposta da Alcaldía sobre o asunto epigrafiado, sen promoverse máis deliberación, pola Comisión Informativa, por unanimidade de todos os Grupos, á vista do Convenio existente entre a FEMP e a SGAE que foi aprobado o 29 de outubro de 1996, e que toda vez que do mesmo se desprende unha rebaixa das tarifas xerais que será ventaxosa para o Concello ditamínase favorablemente a adopción polo Pleno dos acordos seguintes:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao Convenio suscrito entre a FEMP e a SGAE o 29 de outubro de 1996.

2º. A remisión de certificación do acordo adoptado á SGAE aos efectos procedentes.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, tramites e xestións sexan precisos para o bo fín dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao Convenio suscrito entre a FEMP e a SGAE o 29 de outubro de 1996.

2º. A remisión de certificación do acordo adoptado á SGAE aos efectos procedentes.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, tramites e xestións sexan precisos para o bo fín dos acordos adoptados.”

Con carácter incidental antes de rematarse a sesión por parte do Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular se desexa feliz ano a todos os Concelleiros e igualmente por parte do Sr.Alcalde.

Non sendo outro o obxecto da sesión dase por rematada a mesma sendo as once horas e corenta minutos, estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,